

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Expediente: IN408A/2020/005
Denominación do proxecto: PE Xeada
Promotor: NEIVA DIRECTORSHIP S.L.
Asunto: Solicitud de informe técnico.
Clave: DXDM 22/103

ANTECEDENTES

O 25.03.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre o proxecto "PE XEADA" situado nos concellos de Vilamartín de Valdeorras e A Rúa na provincia de Ourense e no concello de Quiroga na provincia de Lugo.

O 01.04.2022 recíbese un primer requirimento mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia desde o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética.

O 07.06.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia ó Servizos de Prevención de Incendios Forestais das provincia de Lugo e Ourense un informe para poder dar contestación ao Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética.

O 27.06.2022 recibíuse no o rexistro electrónico da Xunta de Galicia o informe remitido polo xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Ourense no que informa favorablemente sobre o "PE XEADA", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente .

O 19.09.2022 recibíuse no o rexistro electrónico da Xunta de Galicia o informe remitido polo xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo no que informa favorablemente sobre o "PE XEADA", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

No informe recibido do xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Lugo recóllese o informe técnico do Distrito Forestal VIII no cal indícase que:

"... Solamente hay un punto de agua dentro de la poligonal del Parque Eólico Xeada, con n.º de identificación:27050013 y coordenadas: X: 651356 Y: 4699189. Este depósito que es operativo solo para el uso de motobombas....."

O informe recibido do xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Ourense expón que:

".....No que respecta ás infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais, na zona de ocupación do parque eólico atopamos:

- pistas e cortalumes, que non se verán afectados pola construción do parque eólico....
- un punto de carga de auga para helicópteros que quedará situado entre os aeroxeradores 4 e 5, a unha distancia duns 400 m do máis próximo, polo que non se verá afectado....."

Según os informes dos xefes do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de acordo coa documentación achegada, se se executa o proxecto coas medidas preventivas e correctoras previstas, se mantén a operatividade das infraestruturas forestais afectads (pistas, devasas e depósitos contra incendio forestais) e se cumpre a lexislación forestal de aplicación, non son de prever impactos significativos no ámbito da prevención de incendios. A operatividade debe manterse tanto na fase de construción como na posterior fase de explotación do parque, permitindo sempre a circulación polos viais, sobre todo para o acceso en caso de incendio forestal.

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.





Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....
Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas infórmase FAVORABLEMENTE a realización do PE XEADA situado nos concellos de Vilamartín de Valdeorras e A Rúa na provincia de Ourense e no concello de Quiroga na provincia de Lugo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

